



Lección 18: Berdoias, Vimianzo



Castelo de Vimianzo

Berdoias - Vimianzo - A Coruña

Comarca da Terra de Soneira: Camariñas, Vimianzo e Zas.

Lugares de interese: Castelo de Vimianzo, castro das Barreiras, Arca do Rabós, praia de Sabadelle, faro de Cabo Vilán, camiño dos faros etc.

Festas e celebracións: asalto ao Castelo de Vimianzo, festa da Virxe do Carme en Vimianzo, rapa das bestas de Valiña, San Pedro de Berdoias etc.

Vocabulario: o audiovisual



1. Plató
- 2.Decorado
- 3.Foco
- 4.Actriz
- 5.Presentador
- 6.Alfombra
- 7.Altofalante
- 8.Ordenador
- 9.Butaca/asento
- 10.Cámara
- 11.Director
- 12.Cadeira de tixeira
- 13.Claqueta
- 14.Bobina
- 15.Pantalla
- 16.Megáfono

Vocabulario: o audiovisual II



1. Pantalla/monitor
2. Rato sen fíos
3. Teclado
4. Ordenador/computadora
5. Caderno
6. Altosfalantes
7. Impresora/escáner
8. Disco duro (externo)
9. Lapis de memoria
10. Cedé
11. Mesa
12. Lámpada
13. Librería
14. Andel

Para saber máis... facemos valoracións

É Paréceme	(i)lórico (in)xusto incrible normal importante unha tolería	+infinitivo	Paréceme unha tolería eliminar esa trama na segunda tempada
Está Paréceme	(moi) ben/mal	+infinitivo	Parece mal acabar así a historia

Un pouco de práctica...

Elabora unha oración onde fagas unha valoración sobre o curso de lingua e cultura galegas.

Exemplo: o curso de lingua e cultura galegas paréceme interesante

Para saber máis... repasamos o xénero

O feminino dos substantivos e adxectivos fórmase comunmente coa terminación -a, que se une directamente á forma do masculino se esta acaba en consoante ou vogal tónica

Deus/deusa, rapaz/rapaza, avó/avoa, cru/crúa

Tamén pode substituír a vogal final da forma do masculino se remata en vogal átona

Sobriño/sobriña, presidente/presidenta

Para saber máis... repasamos o xénero

Nomes rematados en -n

Os substantivos e adxectivos que acaban en *-án* (<ANUM) forman o feminino en *-á*

Ancián/anciá,
temperán/temperá

Os caracterizadores despectivos rematados en *-án* fórmalo en *-ana*

Folgazán/folgazana,
mentirán/mentirana

Para o feminino dos rematados en *-ón*, fano en *-oa* ou en *-ona*

León/leoa, lambón/lambona

Os acabados en *-ín* forman o feminino en *-ina*

Balarín/balarina,
benxamín/benxamina

Nomes rematados en -és

Os xentilicios que acaban en *-és* presentan un feminino en *-esa*

Cambadés/cambadesa,
chinés/chinesa,
portugués/portuguesa

O mesmo ocorre con outros adxectivos

Burgués/burguesa,
camoés/camoesa,
montés/montesa

Para saber máis... repasamos o xénero

Nomes rematados en vogal ou ditongo tónicos	Os substantivos rematados en vogal tónica tenden a engadir -a, en tanto que os adxectivos tenden a ser invariables	Un avó somalí, unha avoa somalí
	Con todo, algúns substantivos son invariables	Unha chimpancé adulta
	Outros adxectivos, <i>nu</i> , <i>cru</i> e <i>recrú</i> e só engaden un -a (coas implicacións que ten no til)	O peixe cru / a carne crúa, un só día / unha casa soa
	Outras palabras con características morfolóxicas especiais	Xudeu/xudía e sandeu/sandía
Formacións especiais	Algunhas palabras de xénero feminino presentan terminacións especiais, sobre a mesma base léxica	Heroe/heroína, galo/galiña, rei/raíña, abade/abadesa, poeta/poetisa; actor/actriz

Recomendación

 [Inicio](#) [Catálogo](#) [Eventos](#) [Buscar](#) [Sobre nós](#) [ENTRAR](#) [REXISTRARSE](#)



As bestas

2022

[i MÁIS INFORMACIÓN](#) [★ OPINIÓNS DO CINECLUB](#)

Ambientado no rural de Galicia, o filme conta a historia dunha parella francesa que se instala nunha pequena aldea na procura de conectar coa natureza. Porén, a súa presenza esperta a hostilidade e a violencia dunha parella de veciños.



THE
BEASTS